

RESUMO PROXECTO CURRICULAR LINGUA E LITERATURA GALEGAS.

Consta dos seguintes apartados:

1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE ALUMNADO PENDENTE.

2.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE ESO.

3.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO.

4.- TEMPORALIZACIÓN CURSOS ESO.

5.- TEMPORALIZACIÓN CURSOS BACHARELATO.

6.- ACTIVIDADES A REALIZAR.

7.- LIBROS de TEXTO.

8.- RELACIÓN PROFESORADO DESTE DEPARTAMENTO.

1.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE ALUMNADO PENDENTE :

1.1.- Alumnado ESO.

Se un alumno aproba a materia de lingua galega na primeira e segunda avaliación, recupera a materia pendente . En caso contrario, faráselle un exame despois da segunda avaliación da materia pendente que deberá aprobar. Se non acada o 5 terá opción a outro exame.

1.2.- Alumnado BACHARELATO.

Os alumnos con Lingua Galega pendente de primeiro terán un exame de toda a materia de primeiro no mes de marzo , cando rematen os exames da segunda avaliación . Se non o superan , terán outra opción de recuperar que xa será a derradeira.

2.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE ESO.

(en porcentaxes)	ESO, curso regular
Contidos (<i>probos escritos e orais</i>)	80
Competencias básicas (<i>atención, participación, tarefas fóra do centro...</i>)	10
Libro de lectura	10

Deberán realizarse , mínimo , dúas probas escritas por avaliación e será obrigatoria a lectura dunha obra literaria en cada trimestre.

A nota da avaliación será a media dos dous exames. Para que se realice esta media deberán ter en cada exame unha cualificación igual ou superior a 3.5.

Para os alumnos de primeiro, segundo, terceiro e cuarto ESO haberá tamén unha obra optativa que, no caso de superarse a comprobación de lectura,

subirá un 0,5 na nota final de avaliación, sempre que a suma dos dous exames escritos chegue ao 4,5.

Rematada a segunda avaliación, aqueles alumnos que teñan a materia suspensa na primeira e segunda terán a opción de recuperalas cun exame que se realizará pasada a Semana Santa.

Sobre a cualificación global poderase descontar ata un máximo de 1 punto por erros. Estes poderán ser:

—Moi graves: Desconto 0'1 puntos c/u. Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...).

—Graves: Desconto 0'05 puntos c/u. Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica...

—Leves: Desconto 0'02 puntos c/u. Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Contraccións non realizadas.

A cualificación final será a media das tres avaliacións. Aqueles alumnos que despois de calcular a media das tres avaliacións non acaden un 5 deberán realizar un exame final.

Este curso 2021-22 temos un 3ºESO de PMAR os criterios de cualificación para este curso varían con respecto a 3º ESO normal quedando da seguinte forma:

Contidos (<i>probos escritos e orais</i>)	70%
Competencias básicas (<i>atención, participación, tarefas fóra do centro...</i>)	20%
Material de traballo. Libro de lectura	10%

Tamén se poderá descontar ata un máximo de 1 punto por erros.

—Moi graves: Desconto 0'1 puntos c/u. Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...).

—Graves: Desconto 0'05 puntos c/u. Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica...

—Leves: Desconto 0'02 puntos c/u. Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Contraccións non realizadas

3.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO.

3.1. PRIMEIRO: A nota final da avaliación obterase de realizar a media dos exames escritos. Un exame será de gramática e outro exame será de literatura, análise dun texto e libro de lectura. Para realizar a media entre os dous exames, cada un deles deberá acadar o 40% da nota correspondente.

Sobre a cualificación global poderase descontar ata un máximo de 2 puntos por erros. Estes poderán ser:

—Moi graves: Desconto 0'2 puntos c/u. Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...).

—Graves: Desconto 0'1 puntos c/u. Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica...

—Leves: Desconto 0'05 puntos c/u. Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Contraccións non realizadas.

FARASE UN EXAME DE RECUPERACIÓN DE CADA AVALIACIÓN que se realizará en dous días consecutivos.

A cualificación da avaliación ordinaria de xuño será a media das tres avaliacións tendo en conta a cualificación das recuperacións se as houber.

3.2. SEGUNDO : o 90% da nota final en cada avaliación será a suma dos exames escritos.

O 10% restante será a lectura dunha novela contemporánea por determinar, necesaria para afianzar ortografía, léxico...

Sobre a cualificación global poderase descontar ata un máximo de 2 puntos por erros. Estes poderán ser:

—Moi graves: Desconto 0'2 puntos c/u. Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...).

—Graves: Desconto 0'1 puntos c/u. Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica...

—Leves: Desconto 0'05 puntos c/u. Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Contraccións non realizadas.

No terceiro trimestre non haberá que ler ningún libro, por tanto a cualificación final será a media dos dous exames.

A elaboración de textos modelo ABAU sumará 0.25 sempre que o alumno acade un 5.

HABERÁ UN EXAME DE RECUPERACIÓN DE CADA AVALIACIÓN que tamén se fará en días consecutivos.

A cualificación da avaliación ordinaria de xuño será a media das tres avaliacións tendo en conta a cualificación das recuperacións se as houber.

4.- TEMPORALIZACIÓN CURSOS ESO.

En primeiro e segundo ESO non hai libro de texto , pois traballamos con EDIXGAL. Con todo, a nosa referencia é o libro de Xerais que contén 9 unidades. Era o libro que utilizabamos antes de EDIXGAL .

Consta de 9 unidades. Por tanto , deberán entrar 3 en cada avaliación.

Empregaremos tamén todos os recursos en rede como COTOVÍA, ogalego.eu
...

En terceiro e cuarto hai libro de texto de Xerais . Son 9 unidades. Deberán entrar 3 en cada avaliación.

5.- TEMPORALIZACIÓN CURSOS BACHARELATO.

4.1. PRIMEIRO BACHARELATO

Neste curso alterarase a orde das unidades no bloque de morfoloxía, lingua e sociedade e tipoloxía textual. No bloque de literatura seguimos a orde

cronolóxica por razóns obvias . Así na primeira avaliación os contidos que se desenvolverán serán os seguintes:

a. Bloque morfoloxía , lingua e sociedade e tipoloxía textual.

Comezamos polas unidades 6 e 7: o verbo e o texto argumentativo .

Continuamos coa metade da unidade 1: a comunicación, sociedade e comunicación, signo lingüístico(significante e significado), dobre articulación da linguaxe, variedades lingüísticas e rexistros.

b. Bloque Literatura.

Unidade 9 : comentario texto literario, sobre todo poético.

Unidade 10: o galego na Idade Media. Literatura galego-portuguesa medieval.

Unidade 11: cantigas amorosas: Amigo e Amor.

Unidade 12: cantigas de burlas, xéneros menores , cantigas de Santa María

SEGUNDA AVALIACIÓN:

a. Bloque morfoloxía , lingua e sociedade e tipoloxía textual.

Comezamos pola segunda metade da unidade 1 : o galego como lingua románica. Do latín ao galego(cultismo, semicultismo e palabra patrimonial).

Unidade 4: o pronome persoal

Unidade 8: preposicións e locucións preposicionais, adverbio e locucións adverbiais.

Bloque Literatura.

Unidade 13: séculos escuros, pre-rexurdimento.

Unidade 14: O Rexurdimento, claves e precursores.

Unidade 15: Rexurdimento pleno. Rosalía de Castro.

TERCEIRA AVALIACIÓN:

UNIDADE 2 . UN MUNDO DE LINGUAS

UNIDADE 3 . O NOME. O TEXTO DESCRITIVO

UNIDADE 5. AS PALABRAS ADNOMINAIS. O TEXTO EXPOSITIVO.

UNIDADE 16. EDUARDO PONDAL. ESCOLA PONDALIANA. CURROS ENRÍQUEZ E A SÚA ESCOLA POÉTICA. A PROSA E O TEATRO DO REXURDIMENTO.

4.2.-SEGUNDO DE BACHARELATO

Deberán entrar en cada avaliación dous temas de sociolingüística e catro de literatura. A secuencia dos temas é a que aparece reflectida na páxina da CIUGA.

Debido aos cambios propostos polo grupo de traballo da CIUGA teremos que cambiar a forma de impartir a literatura e a sociolingüística . Son uns cambios moi radicais, pois en literatura en lugar de elaborar unha pregunta xa dada, teñen que contextualizar un autor nunha época e expoñer as características máis importantes dese autor en 250 palabras aproximadamente (antes eran 400). En sociolingüística pasa algo similar .

Non se descarta que poidan rectificar este xeito de avaliar, pois xa fixeron unha modificación. Se acontece isto, teremos que adaptarnos se é posible.

6.- ACTIVIDADES A REALIZAR.

Este curso non programaremos , en principio, ningunha actividade en espazos cerrados, nin que supoñan un risco de contaxio. Irémonos adaptando á situación sanitaria.

- Colaboración coa biblioteca do centro e coas do Concello.

- Celebración Letras Galegas 2022 .

7.- LIBROS de TEXTO

1º de ESO E-DIXGAL. 1º ESO EDICIÓNS XERAIS.

2º de ESO E-DIXGAL. 2º ESO EDICIÓNS XERAIS.

3º de ESO Edicións Xerais

4º de ESO Edicións Xerais

1º de Bacharelato Consorcio Editorial Galego

2º de Bacharelato Consorcio Editorial Galego

8.- RELACIÓN PROFESORADO DESTE DEPARTAMENTO.

NOMES	GRUPOS	CARGOS
Ana Crego Yáñez	2ºBACHA/B, 1ºBACHA/B, 1ºESOA	Xefa de Seminario Titora 2ºBACH A
Rosa Teira Cadabal	3ºESO A/B, 4ºESOA/B/C, 1ºESOB	Titora 1ºESOB
Ángeles Méndez linares	1º ESO C, 2ºESO A/B e PMAR	Titora 1ºC
Blanca Riestra Rodríguez- losada	2º ESO C	Titora 2ºESO C

